



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal  
CIF: G15070451



DEPORTE  
GALEGO

CIR-025/23

## TECNICOS CON LICENCIA TEMPADA 2025

A F.G.P. mantén a firme intención de cumprir co establecido polo Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

Neste RD establécense as competencias que deben ter os técnicos deportivos para poder participar nas competicións, sendo estas:

### TÉCNICO DE NIVEL I:

- Promocionar, fomentar e realizar a iniciación BÁSICA da modalidade ou especialidade deportiva, e acompañar e tutelar aos deportistas durante a súa participación en actividades e competicións propias do deporte escolar ou federado e conforme á normativa que rixe estas actividades.
- Dinamizar, instruír e concretar a iniciación deportiva; organizar, acompañar e tutelar aos deportistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel; e todo iso conforme ás condicións de seguridade e ás directrices establecidas na programación de referencia.
- Acatar as decisións do entrenador principal da entidade: reportando todo o que realizan nas súas clases.

### TÉCNICO DE NIVEL II:

- Adaptar, dirixir e dinamizar o adestramento básico e o perfeccionamento técnico na etapa de tecnificación deportiva; organizar, acompañar e tutelar aos deportistas durante a súa participación en actividades, competicións e eventos propios deste nivel.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal  
CIF: G15070451



DEPORTE  
GALEGO

- Xestionar os recursos materiais necesarios e coordinar as actividades dos técnicos ao seu cargo.

- Organizar actividades, competicións e eventos do nivel de iniciación deportiva; deseñar itinerarios e conducir deportistas polo medio natural; todo iso conforme ás condicións de seguridade e ás directrices establecidas na programación de referencia.

### TÉCNICO DE NIVEL III:

- Programar e dirixir o adestramento deportivo orientado á obtención e mantemento do rendemento en deportistas e equipos; organizar, tutelar e dirixir a participación destes en competicións de alto nivel.

- Coordinar a intervención de técnicos especialistas; programar e coordinar as tarefas dos entrenadores e monitores ao seu cargo.

- Organizar competicións e eventos propios da iniciación e tecnificación deportiva; deseñar itinerarios de alta dificultade e conducir persoas polos mesmos; e todo iso de acordo coas condicións de seguridade e os obxectivos establecidos.

- Correspóndelle e é responsabilidade do entrenador de nivel III a organización do club.

Por tanto, a FGP incluírá na normativa autonómica de 2025 tras un prazo transitorio dun ano, as seguintes normas:

1) Ningún club poderá inscribir patinadores nas competicións de niveis ou amateur se non inscribe na competición a un técnico de nivel 1, que deberá estar presente na competición.

2) Ningún club poderá inscribir patinadores nas demais competicións da FGP se non inscribe na competición a un técnico de nivel 2, que deberá estar presente na competición.

3) Os clubs que teñan patinadores en competicións nacionais, deberán ter en conta que os seus técnicos non poderán actuar como tales nas competicións nacionais se non posúen o título de nivel 3 que os acredite.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal  
CIF: G15070451



DEPORTE  
GALEGO

Por último, lembramos que se un alumno se matricula nun curso de entrenador do nivel que sexa, desde o momento da inscrición no curso deberá solicitar unha homologación temporal á F.G.P. que lle permita exercer durante a duración do curso como entrenador do nivel no que se inscribiu. Pasado o tempo do curso, a F.G.P. retirará a homologación temporal se o alumno non superou o curso.

Sirva esta circular como aviso para que os clubs poidan organizarse no ano 2024 de cara a poder cumprir co Real Decreto RD 1363/2007 no ano 2025.

Comité de Patinaxe Artística

Vigo, 10 novembro 2023

